

Venres, 30 de decembro de 2022

Núm. 249

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****BUEU****Persoal, oposicións***CORRECCIÓN ERROS ADVERTIDO NA R.A. 2022-1871 BASES E CONVOCATORIA
ESTABILIZACIÓN EMPREGO**CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO PUBLICADAS NO BOPPO
NÚM.245 DO 26 DE DECEMBRO DO 2022*

Detectados erros na base primeira. Obxecto da convocatoria e nas bases específicas das prazas de Auxiliar administrativo de biblioteca (concurso), Auxiliar administrativo de biblioteca (concurso oposición), Asesor xurídico de Servizos Sociais (duplicada) e Educador/a Social aprobadas a través da RA núm. 2022-1870, procedeuse á súa rectificación mediante a RA núm 2022-1902 do seguinte xeito:

1) Rectificación primeira:

Onde di:

Obxecto da convocatoria

PERSOAL LABORAL:

Denominación da praza	Código RPT	Núm prazas	GRUPO	Data inicio	Art. 2.1, D.A 6ª ou D.A 8ª
Psicólogo/a	09.00.00.06	1	II	01/04/2015	D.A. 6ª

DEBE DICIR:

Psicólogo/a	09.00.00.06	1	I	01/04/2015	D.A. 6ª
-------------	-------------	---	---	------------	---------

2) Rectificación segunda:

Nas bases específicas do proceso de selección dunha (1) praza de auxiliar administrativo de biblioteca (concurso),

Onde di:

Denominación: auxiliar de in



Venres, 30 de decembro de 2022

Núm. 249

Debe dicir:

Denominación: Auxiliar administrativo de biblioteca

3) Rectificación terceira:

Nas bases específicas do Proceso de selección dunha praza de Asesor/a xurídico de Servizos Sociais.

Onde dí:

BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DUNHA (1) ASESOR/A XURÍDICO DE SERVIZOS SOCIAIS

(DENOMINACIÓN ANTERIOR A RPT TECNICO RESPONSABLE CIM)

1.—Denominación, sistema de selección, xornada, número de prazas e funcións.

- Denominación: Asesor/a Xurídico Servizos Sociais
- Sistema selectivo: Concurso
- Xornada: Completa
- N^o de prazas: 1

Características da praza: Enmarcada no grupo equivalente A2; escala administración especial; subescala técnica.

Funcións do posto: As funcións do posto son as propias dun/dunha asesor/a xurídico de servizos sociais recollidas na RPT do concello de Bueu para o posto 09.00.00.05.

2.—Dotación económica

As retribucións serán as establecidas no cadro de retribucións do Orzamento Municipal.

3.—Requisitos esixidos

Ademais dos requisitos sinalados na base terceira das Bases Xerais deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de diplomatura, grao ou equivalente en psicoloxía. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos no apartado anterior o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes.



Venres, 30 de decembro de 2022

Núm. 249

Debe dicir:

BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DUNHA (1) PSICÓLOGA/O

1.—Denominación, sistema de selección, xornada, número de prazas e funcións.

- Denominación: Psicóloga/o
- Sistema selectivo: Concurso
- Xornada: Completa
- Nº de prazas: 1

Características da praza: Enmarcada no grupo equivalente A1; escala administración especial; subescala técnica.

Funcións do posto: As funcións do posto son as propias dun/dunha asesor/a xurídico de servizos sociais recollidas na RPT do concello de Bueu para o posto 09.00.00.06.

2.—Dotación económica

As retribucións serán as establecidas no cadro de retribucións do Orzamento Municipal.

3.—Requisitos esixidos

Ademais dos requisitos sinalados na base terceira das Bases Xerais deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de diplomatura, grao ou equivalente en psicoloxía. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos no apartado anterior o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes.

4) Rectificación cuarta:

Nas bases específicas do proceso de selección dun/ha (1) paza de Auxiliar administrativo/a biblioteca, (concurso-oposición),

Onde di:

Xornada: Completa

Debe dicir:

Xornada: parcial con posibilidade de ampliación a xornada completa segundo as necesidades do servizo.



Venres, 30 de decembro de 2022

Núm. 249

5) Rectificación quinta:

Nas bases específicas do proceso de selección dunha praza (1) de Educadora/or social,

Onde di:

PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Debe dicir:

PROGRAMA DA CONVOCATORIA

PRIMEIRA PARTE:

1. A Constitución española de 1978. Estructura e contido. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
2. Modelo de organización territorial do Estado na Constitución española. As Comunidades autónomas. Os estatutos de Autonomía, o seu contido e competencias.
3. Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia. As institucións de autogoberno: O parlamento de Galicia, a Xunta e o seu Presidente. Competencias da Comunidade Autónoma.
4. Municipio. Territorio, organización e poboación
5. Competencias Municipais e os servizos mínimos obrigatorios
6. Acto administrativo: Concepto elementos e clases. Requisitos e eficacia dos actos administrativos . Nulidade e anulabilidade. A obriga da administración de resolver. O silencio administrativo.
7. Estatuto básico do empregado público. Clases de empregados públicos. O persoal laboral.
8. Orzamento e gasto público. Procedemento de elaboración e aprobación.

SEGUNDA PARTE:

1. Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia: Obxecto da lei, principios xerais e dereitos das persoas usuarias.
2. O sistema galego de Servizos Sociais: Estructura do sistema, catálogo de servizos sociais e o equipo profesional dos servizos sociais.
3. As competencias das administración públicas no marco da lei de Servizos Sociais de Galicia.
4. As entidades prestadoras de Servizos Sociais
5. O código deontolóxico dos educadores sociais: aspectos xerais e principios.



Venres, 30 de decembro de 2022

Núm. 249

6. A lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio a familia e a convivencia en Galicia: Das familias de especial consideración e a acción protectora das mesmas.
7. Apoio e mediación familiar: Concepto, niveis e finalidades.
8. Persoas maiores: principios reitores e ámbitos de actuación
9. Infancia e adolescncia: Os dereitos de especial protección das persoas menores de idade e a súa defensa. Os seus deberes.
10. Absentismo escolar: Os conceptos de absentismo, desescolarización e abandono escolar.
11. O protocolo de actuación para a prevención e o control de absentismo escolar en Galicia.
12. Actuacións e programas de prevención do absentismo.
13. Proxectos socioeducativos. Definición, elementos, xestión e estratexias.
14. Técnicas para intervención socieducativa.
15. Planificación para a intervención socieducativa.
16. Situacións de risco e desamparo para menores de idade: Concepto, tipoloxías e actuacións da Xunta de Galicia e das entidades locais.
17. A Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor de modificación do Código e da Lei de Enxuzamento Civil: As actuacións en situación de desprotección Social do menor e Institucións de protección dos menores.
18. A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e a atención as persoas en situación de dependencia: Definicións, Principios da Lei e dereitos e obrigas das persoas en situación de dependencia.
19. As prestacións da dependencia. O catálogo de servizos.
20. A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia. Valoración da situación de exclusión social e factores determinantes da mesma. ción: Auxiliar administrativo de biblioteca

Documento asinado electronicamente á marxe.

